



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

galicia

DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria Xustificativa do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a entidade EL PROGRESO DE LUGO, S.L.*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 30 de decembro de 2016.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.





MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A ENTIDADE EL PROGRESO DE LUGO, S.L., PARA A DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES DESTA CONSELLERÍA DE INTERESE PARA A CIDADANÍA DURANTE O ANO 2017

1-O Decreto 72/2013, de 25 de abril, modificado polo Decreto 11/2015, de 5 de febreiro polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e se determinan as súas competencias. No exercicio das súas competencias, esta consellería e a entidade El Progreso de Lugo, S.L. formalizaron un convenio de colaboración para a difusión entre a cidadanía e sociedade en xeral das actividades desta consellería de interese para a cidadanía durante o ano 2017.

2- Antecedentes: A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza considera de sumo interese todo o apoio e a difusión social que se faga a través dos medios de comunicación de ámbito de actuación autonómico co fin de poñer en coñecemento con obxectividade entre o público en xeral as particularidades da súa actividade na execución daquelas estratexias, programas e/ou iniciativas da súa competencia que consideran de maior interese para a cidadanía, e procurar, deste xeito, un maior coñecemento destes pola poboación.

Por outra parte, as entidades editoriais galegas, entre as que se atopa a entidade *El Progreso de Lugo, S.L.* ademais de constituír nas súas áreas de influencia os medios máis axeitados para dar a coñecer as estratexias, programas e/ou iniciativas da consellería, e posibilitar que os seus lectores teñan un coñecemento veraz e imparcial das accións de goberno que son de interese xeral, contribúen a facer efectiva a liberdade de expresión e o dereito de información, polo que se aprecia unha coincidencia de intereses entre os medio de comunicación citados e os da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dada a natureza das súas actuacións, o cal determina a posibilidade de colaboracións das dúas partes para atender unha finalidade común.

3-Finalidade: Para os efectos sinalados asinouse coa entidade El Progreso de Lugo, S.L. o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia dende a sinatura ata o 30 de decembro de 2017.

4.-O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a entidade El Progreso de Lugo, S.L. para a difusión entre a cidadanía e sociedade en xeral das actividades desta consellería de interese para a cidadanía durante o ano 2017.



5.-O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte: A entidade El Progreso de Lugo, S.L. ven realizando unha labor de información e comunicación na área de influencia que abrangue a súa difusión das actuacións da administración autonómica, en xeral, e da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza en particular.

6.- Para a colaboración nos gastos orixinados para a realización da devandita información, e como compensación dos gastos nos que incorre a entidade para a realización do obxecto do convenio, a Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, achegará un importe máximo de vinte e catro mil oitocentos setenta e tres euros con doce céntimos (24.873,12 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.21.121A.641.0, código de proxecto 2015 00165, do seu orzamento para o ano 2017.

7.- Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

É canto se especifica, en cumprimento do establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Ley 19/2013, de 9 de deciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, no relativo á publicidade e rexistro dos convenios.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2016

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

